



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na recepción ofrecida aos ex deputados do Parlamento de Galicia con motivo do 30 aniversario da Cámara

Parlamento de Galicia, 30 de novembro de 2011, 12.00 h

Presidente da Xunta de Galicia,
ex presidentes da Xunta e do Parlamento de Galicia,
membros da Mesa do Parlamento e portavoces,
deputados e deputadas,
presidente, e xunta directiva da Asociación de
ex Deputados do Parlamento de Galicia,
ex deputados e deputads desta Cámara, familiares, amigas e amigos:

Quero, en primeiro lugar, agradecer a presenza de tantos compañeiros, deputados e deputadas, nas distintas lexislaturas no Parlamento de Galicia, e agradecer tamén a presenza de familiares de todos aqueles que xa non están con nós, e que amablemente secundaron esta convocatoria do Parlamento, tan significativa para todos.

Debo recoñecer que cando comezamos a preparar a conmemoración destes 30 anos de existencia do Parlamento de Galicia, tivemos claro que ademais de impulsar e favorecer ao máximo o achegamento da cidadanía ao Parlamento, era tamén necesario organizar un acto como este, para render público tributo a cantas mulleres e homes formaron parte desta Cámara ao longo das súas tres décadas de vida.

A Galicia dos nosos días é o que é, en gran parte, grazas á capacidade de autogoberno que se foi articulando a partir das súas institucións autonómicas, entre as que o Parlamento constitúe a auténtica e insubstituíble pedra angular.

Por iso, ao celebrar estes primeiros 30 anos de vida da Cámara lexislativa autonómica, é de xustiza reivindicala, poñela en valor, pero tamén render homenaxe ás mulleres e aos homes que desde aquel xa afastado 19 de decembro de 1981, no que se reuniu por vez



primeira o Parlamento de Galicia, ocuparon un escano nesta institución.

Pasou o tempo e, lexislatura tras lexislatura, 389 galegos teñen traballado e traballan desde un escano no Parlamento de Galicia, contribuíndo a facer realidade a arela dos vellos galeguistas que aspiraban a construír unha Galicia con poder lexislativo e executivo de seu.

Unha Galicia con capacidade para exercer a súa autonomía política e perfectamente inserida no conxunto de España e en Europa. Unha Galicia universal; en suma, froito do esforzo colectivo e da que todos podemos e debemos sentirnos orgullosos.

Falo de 389 galegas e galegos que serviron e serven á súa terra con absoluta lealdade, desde diferentes opcións ideolóxicas, que reflicten tamén o compromiso con Galicia e coas súas xentes, asumido por cada un de nós cada vez que xuramos ou prometemos o cargo, logo da elección nas urnas.

Falo de todos os que foron testemuñas directas dos sucesivos cambios de sede da Cámara, desde os inicios provisionais no pazo de Xelmírez, pasando polos sete anos de estadía en Fonseca, ata o traslado a esta sede definitiva no pazo do Hórreo, que acolle a institución desde o ano 1989.

Moito ten mudado Galicia desde entón, e sempre para mellor. Mudaron os escenarios e as diferentes realidades cotiás, e mesmo a composición dunha Cámara que botou a andar con tan só tres mulleres deputadas na súa sesión constitutiva. Por fortuna, a presenza feminina incrementou exponencialmente, (mesmo ata acadar a Presidencia da Cámara), e as mulleres xa sumamos 37 dos 75 deputados, e somos maioría nun dos tres grupos parlamentarios actuais.

Hoxe quixera ter tamén un recordo moi especial para os 42 deputados e deputadas falecidos nestas tres décadas, un recordo agarimoso que quero personalizar nos seus familiares, aos que agradezo a súa presenza aquí.



Amigas e amigos, vivimos tempos difíciles: para as familias, para as empresas, para as institucións. Pero tempos difíciles, por riba de todo, para as persoas que, en definitiva, son as que sofren en carne propia o azoute da crise, en forma de desemprego.

Por iso, máis que nunca, faise necesario desde a sede do Poder lexislativo, reivindicar o papel da “política”, e dos “políticos”, como lexítimos representantes dos cidadáns. Porque, non esquezamos que a democracia representativa é o mellor de cantos sistemas de Goberno se levan sucedido ao longo da historia.

Desde a Asociación de ex Deputados do Parlamento de Galicia (aos que quero agradecerlles publicamente toda a súa colaboración) leváronme a reflexionar sobre o feito de que, ata entón, en ningún curruncho desta casa, agás no arquivo documental, non quedaba ningunha testemuña da rotación de deputados que, lexislatura tras lexislatura, se vai producindo no hemiciclo, das mulleres e homes, con nome e apelidos, que foron sen dúbida protagonistas destes 30 anos de historia.

Esta ausencia de testemuños visibles sobre a composición da Cámara ao longo da súa historia foi a razón que nos levou a elaborar un cadro dos deputados e deputadas que integraron cada lexislatura do Parlamento de Galicia e que, desde hoxe, quedarán expostos no pazo do Hórreo de xeito permanente. Non podería imaxinar unha compañía mellor para os presidentes, na súa galería de retratos.

Pero agardo que tamén poidades recordar na casa o voso paso por esta institución, co sinxelo agasallo que hoxe recibiredes.

Como sei que algún dos deputados da actual lexislatura se interesou polo cadro correspondente a este período, xa lles adianto que estará dispoñible, chegado o momento, porque, con todos os cambios que están a acontecer nesta VIII lexislatura, aínda non me atrevo a dalo por rematado.

Do mesmo xeito, e no marco da conmemoración deste trixésimo aniversario, optamos por elaborar un libro que recollese os momentos máis singulares vividos nesta institución ao longo do tempo, e que hoxe poñemos á disposición de todos.



Agradezo tamén o interese e a colaboración de todas as persoas e institucións ás que acudimos na procura de datos ou de material diverso para facer a crónica destes 30 anos.

Agradecemento expreso aos arquivos de *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* pola cesión dalgunhas das imaxes que ilustran o libro, e grazas tamén pola paciencia coa que sempre atenderon as peticións formuladas.

Desde xa, apelo á benevolencia de todos, especialmente dos que viviron máis de cerca os acontecementos que se describen.

O proceso de síntese obrigounos a desprendernos de material que, sen dúbida, sería merecente de figurar no libro, pero que, por razóns de espazo, non puido ser utilizado nesta ocasión. Non é doado comprimir a historia de oito lexislaturas tan apaixonantes, pero poden estar seguros de que o publicado si forma parte dos momentos máis significativos desa historia.

Historia, con nome e apelidos, representada por todos vostedes aos que, unha vez máis, manifesto o meu agradecemento e respecto.

Remato xa como comecei, co meu público tributo a todos os que dun ou doutro xeito foron e son protagonistas destas tres décadas de historia –deputados, funcionarios da institución e xornalistas, pero tamén os cidadáns, que co seu voto decidiron e deciden a composición da Cámara–.

En hora boa polo seu traballo, e moitas grazas por atender a chamada do Parlamento para asistir a un acto no que os auténticos protagonistas son cada un de vostedes.

Antes de ceder a palabra aos meus compañeiros, quero recordar que o vindeiro 19 de decembro se celebrará un Pleno solemne conmemorativo da data de constitución do primeiro Parlamento de Galicia, ao que están vostedes convidados.

Moitas grazas.